



# CONCELLO DE CABANAS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 27 DE MARZO DE 2019.

Alcalde-Presidente:

D. Manuel González López (Gr.PP)

Concelleiros/as;

D<sup>a</sup>. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)

D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)

D<sup>a</sup>. Elena Maria Arias Martínez (Gr.PP)

D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)

D. Delfín Feal Pereira (Gr. Socialista)

D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)

D<sup>a</sup>. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)

D<sup>a</sup>. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto)

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezasete horas e trinta minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Manuel González López, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e

pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

## I. PARTE RESOLUTIVA.

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES. Dáse conta das actas das sesións realizadas os días 20 de febreiro e 7 de marzo de 2019, das cales entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda aproba-las referidas actas.

2. ESCRITO SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME SOBRE FINALIZACIÓN CONTRATO SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. Visto o escrito presentado pola empresa Servizos Sociais Virxe do Carme S.L. adxudicataria do servizo de axuda no fogar á dependencia no concello de Cabanas, no cal expón que ven prestando o servizo deste a firma do contrato en data 8 de outubro de 2010 ata a finalización do mesmo con prórrogas incluídas o 7 de outubro de 2016, e solicita se aclare a situación contractual, se estableza unha data límite que defina a obligatoriedade de continuar coa prestación do servizo, ou no seu caso, se establezan novas tarifas, no caso de non recibir resposta deixará de prestar o servizo o 15 de marzo de 2019, en data 14 de marzo achega estudo económico-financeiro da explotación do servizo de axuda no fogar no concello de Cabanas cun custo sen beneficio de 14,90 euros hora.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:



# CONCELLO DE CABANAS

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage opina que neste punto demóstrase a falta de previsión do goberno municipal, non presta atención aos servizos sociais xa que o considera un gasto superfluo, non entende que non haxa unha previsión de fin de contrato e que non se buscasen novas empresas, chegando a este extremo en que case hai unha chantaxe pola empresa contratista; o goberno ten que preocuparse máis por isto e menos dos lios internos.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez evidencia dúas cousas, un goberno chapuceiro con un servizo de axuda no fogar en precario durante anos e a segunda a actitude da empresa que amosa os problemas dos sistema de concesión, debería asumilo servizo o Concello e que as traballadoras/es teñan condicións dignas.

A concelleira de AEC Sra. García Amor está de acordo co Sr. Varela Martínez, cree que non é falta de previsión, estráñalle que meta este escrito sen coñecer antes o problema, desde 2010 seguen sen actualizar os prezos, iso xa é un problema de xestión da propia empresa, pero como non queda outra alternativa agora hai que aceptar as condicións ata que se realice a nova adxudicación.

Polo grupo Popular: a voceira Sra. Arias Martínez indica que é un servizo básico e fundamental para moitas familias, é un servizo prioritario e os usuarios en xeral están contentos co servizo, administrativamente é un concello pequeno, por motivos alleos a causas políticas e relacionado unicamente con causas administrativas non se puido sacar o prego a tempo, sen embargo van a seguir defendendo o servizo por encima de todo, se a empresa non lle cubre e administrativamente non se fixo antes por falta de medios, están disposto a asumir o custo de 14,90 euros/hora ata resolver a nova licitación.

O Sr. Ladra Brage, insiste na falta de previsión e comunicación coas empresas, non se estaría neste estado onde a empresa está facendo chantaxe, non se debería chegar a este punto porque para o Concello é un mal bastante grande; hai que seguir prestando o servizo pero non están de acordo coa xestión do goberno nos servizos sociais, hai que pensar en revisar e recuperar moitos servizos para o Concello.

O Sr. Pérez Sardiña non estaría tan contento do servizo cando no mes de febreiro o servizo de axuda no fogar tivo unha falla do servizo por falta de previsión, a bolsa de traballo chegou ao final, cando o servizo estaba moi minguado e as queixas dos usuarios chegaron ao pleno. Non entende como a estas alturas non hai un estudo económico para ver a posibilidade dunha remunicipalización, é o momento de non entrar no xogo da empresa, votará en contra.

A Sra. Arias Martínez pregúntalles si están en contra dun servizo tan necesario, que funciona ben e onde se cobren as baixas de inmediato, honestamente xa lles gustaría que noutros concellos onde gobernan o servizo funcionase como aquí, como San Sadurniño con listas de espera de un ano, e aquí practicamente non existe; recorda que esta situación é causada por un tema administrativo e mentres tanto asumirase o novo custo.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con seis votos a favor dos membros do grupo Popular e concelleira de AEC, e cinco abstencións dos membros do grupo Socialista, concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, acorda:

1º.- Aceptar o novo prezo do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia asinado coa empresa Servizos Sociais Virxe do Carme S.L. en data 8 de outubro de 2010, quedando fixado en 14,90 euros/hora ive incluído, ata a adxudicación da nova licitación.



# CONCELLO DE CABANAS

2º.- Iniciar sen demora o procedemento de licitación do novo contrato de prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia segundo o establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

3. REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP ELADIA MARIÑO. Dáse conta á Corporación da seguinte proposta da Alcaldía:

“ O artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinala que entre os asuntos a tratar na sesión extraordinaria a convocar pola Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, se resolva o nomeamento de representante da Corporación en órganos colexiados.

Con motivo de cambios posteriores dos responsables de área das distintas delegacións da Alcaldía, considérase necesario para unha maior coordinación o nomeamento como representante da Corporación do titular da delegación de área como xa se viña ostentando con anterioridade.

Por elo esta Alcaldía propón ó pleno o seguinte acordo:

1º. Cesar como representante da Corporación no Consello escolar do CEIP Eladia Mariño á concelleira Dª. Esperanza Gayoso Pereiro con motivo do cese nas delegacións que viña ostentando.

2º. Nomear representante da Corporación no Consello escolar do CEIP Eladia Mariño á concelleira Dª. Elena María Arias Martínez con motivo de asumir a delegación de educación.”

Visto o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage non entende que a dous meses das eleccións se renoven as delegacións solo por degradar a unha compañeira e meter a nova candidata do PP, é algo electoralista e o grupo socialista non vai entrar nesa maquinación electoral nin en problemas interno, votarán en contra neste punto e no seguinte.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez considera que a proposta é un despropósito, primeiro polo que se propón, facer un cambio de representación a dous meses do remate do mandato; segundo pola falta de equilibrio que supón eliminar a representación dunha concelleira que segue no Pleno a tempo completo no Concello mentres se mantén ao candidato de Narón na Mancomunidade e no Parque das Fragas do Eume; e terceiro, polo motivo de dar maior visibilidade a candidata do PP en Cabanas e intentar castigar a unha concelleira que non se dobregou ás presións políticas do partido, máis aló das diferencias políticas semella un acoso.

Polo grupo Popular: o concelleiro Sr. Castrillón Permuy opina que primeiro hai que respectar, estase sen representante no colexio que no seu día mandou escrito que había que proceder á renovación, iso non se levou a cabo no Pleno, polo tanto hai que volver a nomear representante; o acoso non existe no PP, a Sra. Gayoso Pereiro leva vinte anos no concello, estivo gobernando nas mellores delegacións do Concello, así que deixe ao PP que arranxe como lle corresponda, porque son responsables dos seus actos e queren seguir traballando por Cabanas mentres lles corresponda; si hai novo alcalde, a el lle corresponde outorgar as delegacións e si se están sen representantes hai que solucionalo,

O SAF préstase perfectamente. a 14,90 euros/hora segue moito máis económico que o servizo de axuda no fogar, que vostedes queren recuperar, hai que ver como quedaron os servizos en 2007 e como están, aínda se acaba de pagar agora a débeda que había, como o contrato con Viaqua ata 2020, tomen nota.



# CONCELLO DE CABANAS

A Sra. Gayoso Pereiro manifesta que consultou en Intervención en non hai resolución de cese como representante, foi a constitución do Consello escolar e segue sendo a representante a día de hoxe.

O Sr. Ladra Brage, falle gracia que o candidato do PP en Narón lle diga que non se preocupen de Cabanas, que se preocupe de Narón e deixe Cabanas.

O Sr. Varela Martínez di que o candidato do PP en Narón xa non é alcalde para decidir, debería reflexionar si é ético que vote substituír a unha representante do concello en órganos externos cando segue sendo representante na Mancomunidade, reflexione.

O Sr. Pérez Sardiña estima que hai que abrir un tempo novo, xa está ben de deixar a xente tirada sen un mínimo xesto para os que traballaron por Cabanas como os que máis, non lle parece xusto que a este Pleno se veñan a resolver problemas persoais, non axudan ao progreso de Cabanas, para dous meses que quedan destituír a unha persoa e unha ambición fora deste pleno. Recorda que as políticas destes doce anos trataron de precarizar o servizo de axuda no fogar.

A Sra. García Amor non se quere meter en temas políticos internos, hai que ser coherentes, o respecto non se debe perder, debe respectarse ao Sr. Castrillón Permuy que segue sendo concelleiro, o mesmo que estivo a Sra. Gayoso estivo o Sr. Castrillón, no vai entrar nestes problemas, o voto será unha abstención.

O Sr. Castrillón Permuy manifesta que pode ter algo de razón o Sr. Pérez Sardiña, non queremos vir solucionar os problemas ao Pleno, os problemas resolvémolos no partido, e sobre o dito polo Sr. Varela Martínez ten que saber como funciona a Mancomunidade para falar disto, hai un alcalde que é o representante na Mancomunidade desde o primeiro día que é alcalde

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con catro votos a favor dos membros do grupo Popular, seis en contra, dos membros Socialista, concelleiro do BNG, concelleiro de PDDdG e a concelleira Sra. Gayoso Pereiro, e unha abstención da concelleira de AEC, acorda rexeitar a referida proposta da Alcaldía.

**4. REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.** Dáse conta á Corporación da seguinte proposta da Alcaldía:

“ O artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinala que entre os asuntos a tratar na sesión extraordinaria a convocar pola Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, se resolva o nomeamento de representante da Corporación en órganos colexiados.

Con motivo de cambios posteriores dos responsables de área das distintas delegacións da Alcaldía, considérase necesario para unha maior coordinación o nomeamento como representante da Corporación do titular da delegación de área como xa se viña ostentando con anterioridade.

Por elo esta Alcaldía propón ó pleno o seguinte acordo:

1º. Cesar como representante da Corporación na Asociación de Concellos do camiño Inglés á concelleira Dª. Esperanza Gayoso Pereiro con motivo do cese nas delegacións que viña ostentando.

2º. Nomear representante da Corporación na Asociación de Concellos do camiño Inglés á concelleira Dª. Elena María Arias Martínez con motivo de asumir a delegación de educación.”

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con catro votos a favor dos membros do grupo Popular, seis en contra, dos membros Socialista, concelleiro do



# CONCELLO DE CABANAS

BNG, concelleiro de PDDdG e a concelleira Sra. Gayoso Pereiro, e unha abstención da concelleira de AEC, acorda rexeitar a referida proposta da Alcaldía.

## 5. CONVENIO SUBVENCIÓN NOMINATIVA CLUB JUVENTUD DE CABANAS.

Vista a solicitude de subvención nominativa presentada polo Club Juventud de Cabanas e o proxecto do convenio de colaboración no eido deportivo a realizar coa dita entidade para a canalización da subvención nominativa prevista no orzamento do Concello de Cabanas para o ano 2019 por importe de 6.000,00 euros, no cal regúlanse as condicións e compromisos que asumen as partes.

Vista a documentación que consta no expediente, así como, o disposto na lexislación reguladora recollida na base 38ª, e bases 39ª, 44ª a 47ª, do orzamento municipal para 2019, tendo en conta, que o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas recollidas no orzamento, segundo o establecido no artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage valora os convenios dos puntos 5, 6 e 7 porque son semellantes, pon en valor o esforzo destas tres entidades polo seu traballo, Club Juventud de Cabanas, KDM e Cabanas Rural Asociación de Mulleres, con poucos medios están levando o nome de Cabanas por toda España, o Concello debería aumentar o apoio as entidades locais que teñen menos recursos, o voto será favorable.

Polo grupo Mixto: o concelleiro Sr. Varela Martínez aclara que no pleno do 9/07/2015 faise referencia a que a representación da Mancomunidade recae en Germán Castrillón, non na figura da alcaldía, e na acta do 29 do 7 que calquera outra representación debería pasar polo pleno. Ve positivo os convenios de colaboración recollidos neste punto e nos dous seguintes, porque as actividades destas entidades repercuten na veciñanza e poñen en valor o concello, existen máis entidades que podían beneficiarse deste tipo de colaboracións e a próxima corporación deberá avanzar neste tema.

A concelleira de AEC considera imprescindible fomentar a cultura popular, artesanía, deportes, fomentar o asociacionismo, porque son sinal de boa xestión, así como contribúen ao fomento das actividades.

Polo grupo Popular: o concelleiro Sr. Fernández Brage alude a proposta de convenio co Club Juventud de Cabanas, no cal o Concello colabora coa súa actividade e no financiamento do seu proxecto; o convenio inclúe o mantemento, conservación, e limpeza da área da Veiga, que corre por parte do club, polo que se reducen os custos que suporía para o Concello e tamén apoia a actividade do club.

O concelleiro de PDDdG manifesta que apoia os tres puntos, recorda que no comezo da lexislatura solicitou que se ampliasen as subvencións nominativas a máis asociacións, tampouco é necesario tralo a pleno xa que é unha cuestión da Alcaldía, debería axilizarse no momento en que presentan as solicitudes.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:



# CONCELLO DE CABANAS

Primeiro.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Segundo.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cabanas e o Club Juventud de Cabanas G15257967, para financiar o proxecto de gastos por importe de 6.000,00 euros con cargo a partida orzamentaria 9240.48900 segundo as condicións que se recollen no texto do convenio.

6. CONVENIO SUBVENCIÓN NOMINATIVA CLUB KDM. Vista a solicitude de subvención nominativa presentada polo Club Club Cabanas KDM e o proxecto do convenio de colaboración no eido deportivo a realizar coa dita entidade para a canalización da subvención nominativa prevista no orzamento do Concello de Cabanas para o ano 2019 por importe de 6.000,00 euros, no cal regúlanse as condicións e compromisos que asumen as partes.

Vista a documentación que consta no expediente, así como, o disposto na lexislación reguladora recollida na base 38ª, e bases 39ª, 44ª a 47ª, do orzamento municipal para 2018, tendo en conta, que o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas recollidas no orzamento, segundo o establecido no artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: a concelleira de AEC Sra. García Amor aclara que calquera asociación que estea dada de alta e solicite por escrito axuda, nunca se lle denegou.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña indica que hai dúas vías, mediante convenio ou mediante concorrencia competitiva, o que hai é que informar máis.

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage pregunta en que estado queda o Anexo II, si está dentro do convenio ou non.

Polo grupo Popular: o concelleiro Sr. Fernández Brage sinala que Cabanas KDM é un referente no mundo do piragüismo no municipio e na provincia, polos valores que inculca aos rapaces, polo que seguirán apoiando a súa actividade.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

Primeiro.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Segundo.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cabanas e o Club Cabanas KDM G70345970, para financiar o proxecto de gastos por importe de 6.000,00 euros con cargo a partida orzamentaria 9240.48900 segundo as condicións que se recollen no texto do convenio.



# CONCELLO DE CABANAS

7. CONVENIO SUBVENCIÓN NOMINATIVA CABANAS RURAL ASOCIACIÓN DE MULLERES. Vista a solicitude de subvención nominativa presentada por Cabanas Rural Asociación de Mulleres e o proxecto do convenio de colaboración no eido da cultura a realizar coa dita entidade para organización de actividades e participación en xornadas de fía da lá que se recollen no referido proxecto, co obxecto da canalización da subvención nominativa prevista no orzamento do Concello de Cabanas para o ano 2019 por importe de 3.000,00 euros, no cal regúlanse as condicións e compromisos que asumen as partes.

Vista a documentación que consta no expediente, así como, o disposto na lexislación reguladora recollida na base 38ª, e bases 39ª, 44ª a 47ª, do orzamento municipal para 2018, tendo en conta, que o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas recollidas no orzamento, segundo o establecido no artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Popular: o concelleiro Sr. Brage Fernández manifesta que se está a tratar dunha entidade con gran labor no Concello e na recuperación de tradicións, como o proceso do fiado da lá, cunha ampla oferta de actividades, un punto de encontro para mulleres do rural, así como levar o nome de Cabanas pola xeografía española, polo que desde o Concello se debe apoiar o seu proxecto e fomentar as súas actividades. En canto a incorporación de novas asociacións, nunca poñerán atrancos a realizar un convenio de colaboración coas entidades que o soliciten, como é o caso dos cemiterios municipais.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

Primeiro.- Excepcionalmente para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Segundo.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cabanas e a asociación Cabanas Rural Asociación de Mulleres, G70177233, para financiar gastos por importe de 3.000,00 euros con cargo a partida orzamentaria 9240.48900 segundo as condicións que se recollen no texto do convenio.

## II. PARTE CONTROL ÓRGANOS CORPORACIÓN:

### 8. INFORMES DA PRESIDENCIA:

a) Resolucións da Alcaldía. . Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde a número 201 do 25 de febreiro de 2019 ata a número 282 do 22 de marzo de 2019.

b) Resolución 238/2019 nomeamento de tenentes de Alcalde

c) Resolución 239/2019 delegacións da Alcaldía

d) Nomeamento de voceira do grupo Popular e representantes nas comisións informativas



# CONCELLO DE CABANAS

## 9. ROGOS E PREGUNTAS.

### a) Preguntas orais.

#### a.1. Grupo Socialista: Intervención do concelleiro Sr. Ladra Brage.

##### a.1.1. En que estado se atopa a execución da praia canina?.

Resposta Sr. Alcalde: agora mesmo non lle poido informar, no seguinte pleno informaralle.

##### a.1.2. Que medidas se levaron a cabos últimos meses para a eliminación da oruga procesionaria?

Resposta Sr. Alcalde: a finais de ano se vai facer un tratamento que consiste en furar o pino e meterlle o produto, ten que ser en outubro aproximadamente.

##### a.1.3. O concello de Cabanas solicitou a inspección técnica de vehículos agrícolas?

Resposta Sr. Alcalde: si, pero iso será no mes de novembro aproximadamente.

#### a.2. Intervención da concelleira Sra. Rodriguez Ferreiro

##### a.2.1. Sobre as obras do parque do Areal, cando rematarán e cando se van abrir?, vai haber inauguración?

Resposta Sr. Alcalde: falta por rematar a fonte, están a rematar e non vai haber inauguración.

##### a.2.2. No parque do Areal o problema que hai con Viaqua contra a vía, vaise abrir o parque e o problema segue sen amañar.

Resposta Sr. Alcalde: estase traballando con Viaqua para solucionar o problema.

#### a.2. Intervención do concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez.

##### a.3.1. Nos últimos anos celebrouse o concurso de tapas, cal é o motivo polo que se sumaron tan poucos establecementos neste ano, tan solo seis?

Resposta Sr. Alcalde: deixámolo a decisión deles, non sei si foi falta de previsión nosa ou si traballamos todo o preciso, teremos que darlle unha volta.

##### a.3.2. En setembro de 2015 aprobouse no pleno unha proposta do BNG para elaborar un Regulamento para uso de locais por parte da veciñanza, pode indicar en que proceso se atopa a elaboración?

Resposta Sr. Alcalde: responderalle no próximo pleno.

##### a.3.3. En relación coa paralización do punto limpo de Vilar do Colo, pode informar en que situación se atopa?

Resposta o Sr. Alcalde: fíxose o estudo económico, quedan temas burocráticos e penso que está bastante próxima a apertura.

##### a.3.4. Este ano o boletín propagandístico do PP, que se camufla como boletín municipal, non se envía por correo postal e o leva a candidata popular directamente ás casas dos veciños, non lle chega co reparto das placas coa numeración?

Resposta Sr. Alcalde: sempre se fixo así polas casas.

#### a.4. Intervención do concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña.

##### a.4.1. En relación co PXOM se rexeitara a publicación da aprobación inicial na web, nestes días empezaron a chegar as notificacións da contestación das alegacións, cal é a situación do





# CONCELLO DE CABANAS

PXOM, a súa tramitación na Xunta de Galicia e que previsión teñen para o seguinte trámite no Pleno?

Resposta concelleiro Sr. Castrillón Permuy: teñen trinta días para verificar si está completo, estamos a espera de que nos chegue o documento da Xunta para seguir coa tramitación.

a.4.2. En relación á zona da praia, teñen previsto cortar máis árbores?, solicitamos explicación sobre o que se vai facer.

Resposta Sr. Alcalde: estanse a quitar as árbores que están enriba da beirarrúa, e levantan a terra porque non están en bo lugar.

a.4.3. Sobre as trampas da procesionaria no piñeiral, que resultados deron?

Resposta Sr. Alcalde: foi unha proba polos profesores do obradoiro e parece que dan bo resultado.

a.4.4. Houbo queixas de veciños polo apagado de luces na zona do Areal que duro algúns días, que pasou?, cal foi o motivo da avaría?, por que se tardou tanto en amañalo?

Resposta Sr. Alcalde: si, na zona do Areal hai uns catro días houbo unha avaría e tardouse uns días en amañarse.

a.4.5. En relación a situación do camiño do Batán queríamoslle manifestar que recentemente o Concello de Cabanas realizou alí un rebacheo e pouco durou, hai queixas de veciños porque está nunha situación bastante grave, teñen pensado actuar nese camiño?

Resposta Sr. Alcalde: esa obra en principio debía estar feita, está pendente de realizar con cargo á Deputación, mentres tanto se lle botou aglomerado para que pasen os coches mentres non se amaña.

a.4.6. Suxestión. Que se reclame á Xunta adopción de medidas destinadas á prevención de lumes forestais.

a.4.7. Suxestión. Que se amañe o río Baa e se adopten medida sobre verteduras e sobre inundación na rúa Xestal.

Resposta Sr. Alcalde: xa se enviou un escrito a Augas de Galicia sobre o río.

a.4.8. Suxestión. Que se proceda ao pagamento das facturas pendentes do realoxo do Penso.

Resposta Sr. Alcalde: xa están pagadas

a.5. Intervención da concelleira Sra. Gayoso Pereiro

a.5.1. Toma a palabra para explicar o traballo realizado no programa Tapeando en Cabanas, e feito visita ao efecto a tódolos establecementos.

**RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO.** A continuación toma a palabra o concelleiro don Germán Castrillón Permuy, indicando que antes do inicio da sesión presentou en Secretaría a súa renuncia ao cargo de concelleiro desta Corporación pola candidatura do Partido Popular, por motivos laborais que lle impiden atender os deberes propios do cargo de concelleiro coa dedicación que tal responsabilidade require, presenta a súa renuncia ao cargo de concelleiro, aos efectos do disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral e Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, con fin de que se proceda ao relevo mediante candidatos seguintes da lista pola que foi elixido.



# CONCELLO DE CABANAS

Agradece a tódolos membros da Corporación a colaboración, e considera que fixeron traballos interesantes e produtivos para este Concello, indicándolle o Sr. Alcalde que foi un pracer traballar con el.

Despois o uso da palabra polo mencionado concelleiro, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda tomar coñecemento da renuncia ao cargo do concelleiro don Germán Castrillón Permuy e remitir certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que expida credencial do seguinte da lista que debe substituílo.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e praxe.

O Alcalde

O Secretario